

Suplemento
da Fundación
Moncho
Reboiras



Cuarta feira,
11 de outubro
de 2017
Número 11

Caderno de
pensamento
para o debate
e a acción

Fanse 40 anos da sinatura dos chamados Pactos da Moncloa. Dous acordos subscritos en plena Transición entre a dereita posfranquista, as principais organizacións da esquerda política española e os sindicatos CCOO e UGT, que supuxeron unha importante perda de dereitos sociais e laborais. >>>>> **4-5 e 6**

Pactos da Moncloa, historia dunha traizón



“O precariado como suxeito é un
mito, non existe”

Entrevistamos o sociólogo Adrián Sotelo, autor do libro
O precariado. Unha nova clase social? >>>> **2-3**

«Non pode haber **capitalismo** sen **explotación**»

Adrián Sotelo Valencia é un dos sociólogos marxistas de maior relevancia na análise das condicións de traballo e das mutacións na organización do modo de produción capitalista. **Profesor do Centro de Estudos Latinoamericanos da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM)**, vén de publicar recentemente o libro *O Precariado. Unha nova clase social?*, editado pola Fundación Moncho Reboiras e no que o autor debate e refuta as máis recentes teorías posmodernas e sistémicas que proclaman a fin do traballo, a negación da clase obreira e a súa substitución por un novo suxeito: o precariado. Conversamos con el para debullar de maneira sintética as principais chaves dun texto fundamental para comprendermos a vixencia da contradición antagónica entre capital e traballo.

Xabier P. Igrexas

Fala no inicio do libro de que unha das características que define hoxe o capitalismo, a diferenza doutras etapas, é a xeneralización da precariedade. A que responde este fenómeno?

Nos anos oitenta prodúcese unha reestruturación do capitalismo en virtude da profunda crise estrutural que enceta a mediados dos 70. Esta crise é unha crise de acumulación do capital, de insuficiencia na creación de plusvalía e de caída da taxa de lucro. É unha transición do modo de produción capitalista, sustentada nunha maior explotación da forza de traballo e para iso requírese como condición *sine qua non* desmontar todos os sistemas de protección do traballo e os dereitos e as conquistas laborais. Para que? Para introducir varias liñas de desenvolvemento a prol do capital: a flexibilización do traballo, que implica romper todas as trabas que impiden que o capital use ao seu libre arbitrio

a forza de traballo; e a precarización do traballo, retirando sistematicamente os dereitos conquistados pola clase traballadora para profundar no seu desposuímento e desprotección. Esa crise produce, ademais, un movemento de emigración de capital cara á esfera financeira, a chamada “financiarización”, o que xera en certa intelectualidade o efecto ideolóxico de acreditar [erradamente] en que finalmente o capital tería logrado resolver a súa crise sen a forza de traballo a través da especulación.

E pode o capital reproducirse sen o factor traballo?

Non, en absoluto. Hai unha metamorfose do traballo, hai mutacións, si, como por exemplo o xurdimento do traballo autónomo, a realidade das PEMEs, o traballo informal ou en negro. Pero non se anula a centralidade da contradición traballo-capital. O traballo segue a ser o elemento produtor non só de riqueza social, senón de plusvalía para o capital. Non hai

outro factor, distinto do traballo que cree máis. Por exemplo, o capital, as máquinas, as materias primas, os edificios o único que fan é transferir o valor que xa posúen, un valor pretérito. A forza de traballo ten a capacidade non só de transferir ese valor dos medios de produción, senón de crear un valor equivalente ao seu propio valor como forza de traballo [que se correspondería co salario] e crear ademais un excedente [a plusvalía] que non lle é remunerado.

Na actualidade coa flexibilización da produción e a pre- valencia do capital ficticio, a centralidade do traballo sofre modificacións pero só na súa morfoloxía, non na esencia. A forza de traballo segue a ser a central na produción, no proceso social de reprodución do capital e por último tamén no plano político. En poucas palabras: non pode haber capitalismo sen explotación da forza de traballo.

O problema fulcral no capitalismo neoliberal é a “financiarización”, como apuntan algunhas teses, ou é só un aspecto máis?

Máis que un aspecto máis é unha expresión que asume o actual réxime de acumulación e reprodución do capital a escala global. A relación entre capital ficticio ou financeiro e capital produtivo é de vinte a un. É unha situación estrutural. Pero non se debe, como apuntan algúns economistas, por exemplo os keynesianos, a un simple proceso de desinvestimento na es-

fera produtiva. Obedece a un problema moito máis complexo, que neste libro eu sintetizo co concepto da “desmedida do valor”.

Para explicalo en poucas palabras: o valor de calquera mercadoría determínase polo tempo de traballo socialmente necesario para a súa produción e reprodución, xa sexan as mercado-

**“OS SALARIOS
FANSE CADA VEZ
MÁIS INSUFICIENTES
PARA SATISFACER
AS NECESIDADES
DA PERSOA
TRABALLADORA”**



Na imaxe, o recoñecido sociólogo Adrián Sotelo.

rías non humanas (un coche, unha casa...) ou a mesma mercadoría forza de traballo. No desenvolvemento das forzas produtivas no capitalismo, a tecnoloxía e o coñecemento van reducindo constantemente o tempo de traballo socialmente necesario para aumentar a porción da xornada de traballo na que se produce o excedente non remunerado [plusvalía]. Nese primeiro ciclo, o capital sacrifica unidades de tempo de traballo para aumentar a magnitude desa plusvalía, e polo tanto é unha estratexia fundamental do capital aumentar brutalmente o tempo de traballo excedente. Desta maneira, o capital crea máis riqueza pero non máis valor. Crea máis volume de riqueza social pero non xera máis plusvalía, e o efecto sistémico diso é a caída da taxa de lucro, e diante disto o único que pode facer o capital é apostar na maior precarización das condicións de traballo, poñendo mesmo en risco a súa subsistencia. Así os salarios fanse cada vez máis insuficientes para satisfacer as nece-

sidades do traballador ou traballadora e da súa familia. Polo tanto, asistimos a un proceso en moitos países de maior expropiación da capacidade de consumo da clase traballadora en beneficio do capital.

A vixente crise e as políticas aplicadas en beneficio do capital teñen dúas consecuencias principais: o aumento do desemprego e o empobrecemento, facendo que o traballo xa non garante a subsistencia. A que responde?

Xunto ao mecanismo da desmedida do valor a condición indispensable para o capital é a superexplotación do traballo e a expropiación do fondo de consumo da clase obreira. E para iso existe un “exército de reserva” [de forza de traballo desempregada] a nivel mundial, como demostran os 65 millóns de inmigrantes que hai en Europa. Ese exército de desempregadas

cumple no capitalismo tres funcións: aumentar o nivel de explotación, baixar os salarios reais e aumentar a competencia entre traballadores e traballadoras para asumir peores condicións. Estamos vendo como diante do descenso do desemprego o que aumenta é o traballo precario e temporal.

No libro afirma que a reacción do capital diante da súa crise exprésase en forma de “tensión” e de “fractura”. En que consisten?

Isto ten a ver cos efectos da crise capitalista na clase traballadora. Unha situación de desemprego, de subemprego ou de precariedade no traballo, xera unha serie de tensións, incluso emocionais, que atravesan a realidade vital e material dos e das traballadoras. Se esa tensión é canalizada politicamente, por exemplo a través dun sindicato, cara á loita iso permi-

te destensar e organizar. Pero se iso non se dá, prodúcese unha fractura que comeza na propia unidade familiar pero que pode acabar fracturando as organizacións de clase. Vemos, por exemplo, como aumenta a taxa de suicidio diante de situacións límite. Este xogo de tensión e fractura é o momento político para organizarse, para rescatarmos eses compañeiros, eses colectivos, esas comunidades de traballadores e traballadoras para darlles unha explicación da crise e orientalos cara a loita.

Cando a crise está a facer evidente que as clases populares están máis ‘proletarizadas’ que nunca, xorden conceptos como o ‘precariado’ que cuestionan esa realidade e negan a existencia da propia clase traballadora como un suxeito vixente. Como o valora?

O que hai que dicir moi claramente é que o precariado como suxeito é un mito, non existe. No libro combato esa tese liberal. O que eu sosteño é que estamos diante dun proceso de brutal precarización do proletariado. Nese sentido, o proletariado continúa a ser o suxeito. En segundo lugar, hai un desfase entre o nivel de precariedade que padece a clase traballadora e o seu nivel de conciencia como tal. Non hai unha comprensión por parte do proletariado desa situación de precariedade, pero que de lograla daranse as condicións para organizarse e loitar para superar ese estado precario. Nese momento terá que decidir se o fai dentro do marco do capitalismo, e se o capitalismo pode dar as condicións para superar a precarización e a superexplotación, ou ben que ese suxeito [o proletariado] xa consciente acaba por comprender a necesidade de superar o capitalismo a través dunha revolución. A conciencia “para si” é o que falla, provocando que o traballador explotado e humillado non se recoñece como parte do suxeito histórico transformador que, na miña opinión, continúa a ser o proletariado.

“HAI UN DESFASE ENTRE O NIVEL DE PRECARIEDADE QUE PADECE A CLASE TRABALLADORA E O SEU NIVEL DE CONCIENCIA”

Para adquirir un exemplar de **O precariado. Unha nova clase social?** pódese contactar a través do correo electrónico fesga@fesga.net.

Foto: All Video / Librería Cartabón.

40 anos dos Pactos da Moncloa

A política de pactos sociais no Es

A piques de se cumpriren catro décadas da sinatura dos chamados Pactos da Moncloa, en plena Transición española, abordamos a que respondía historicamente a política de pacto social, que actores participaron dela e cales foron os seus efectos e consecuencias para a clase traballadora galega.

Suso Seixo

O 25 de outubro de 1977, en pleno proceso de cambio do réxime ditatorial franquista a un réxime de democracia burguesa, tiña lugar o asinamento dos Pactos da Moncloa entre o Goberno de Estado e as principais forzas políticas da dereita e da esquerda española con representación parlamentaria, e que finalmente contou co apoio das forzas sindicais españolas, CCOO e UGT. Co apoio a estes pactos, estas dúas centrais daban inicio a toda unha práctica sindical de pacto social, de colaboración e integración no sistema, que debilitou a clase traballadora e facilitou as sucesivas contrarreformas laborais que se viñeron producindo desde aquela data, coa conseguinte flexibilización e desregulación das relacións laborais e perda de dereitos da clase traballadora. Esta política de pacto social contou desde o seu inicio coa forte oposición do sindicalismo nacionalista galego.

O asinamento dos Pactos da Moncloa --formalmente foron dous, "Acordo sobre o programa de saneamento e reforma da economía" e "Acordo sobre o programa de actuación xurídica e política"-- xustificouse por parte das forzas asinantes pola necesidade de estabilizar o proceso de transición ao novo réxime político e de conter unha inflación que alcanzaba porcentaxes do 35%.

Estamos a falar duns acordos asinados nunha situación de crise económica, cunha forte perda de poder adquisitivo dos salarios como consecuencia da alta inflación e unha perda moi importante de postos de traballo, e a nivel político cun enfrontamento entre aquelas forzas políticas e sociais que estaban dispostas a pactar co franquismo e polo tanto a aceptar un cambio de réxime político pola vía da reforma e non da ruptura co anterior réxime ditatorial e aquelas outras que apostaban nesa ruptura, entre as cales estaba o nacionalismo galego. Os Pactos da Moncloa viñan, pois, apoiar a vía do pacto e da reforma, consolidar un Estado monárquico, centralista e capitalista, negador da realidade plurinacional do mesmo e que deixaba certos poderes esenciais do Estado en mans do franquismo, reconvertido ou non (policía, garda civil, exército e xudicatura), dándolle así unha saída á transición política favorábel aos intereses da oligarquía española e pactando un modelo de estado cun forte pouso antidemocrático que se mantén ata a actualidade.

Oposición do sindicalismo nacionalista

Polo que atinxe ao posicionamento do sindicalismo nacionalista --nesa altura conformado arredor da central sindical Intersindical Nacional Galega (ING)-- a respecto destes Pactos, foi claramente de oposición e rexeitamento. Facíase unha crítica clara por consideralos contrarios aos intereses da clase traballadora galega. Díciase expresamente no EIXO, o voceiro da ING, o seguinte:

"O programa de medidas económicas elaboradas polo goberno e conti-



das no Pacto, non significa máis que un cambio aparente para seguir a explotarnos mellor. É así como se entende que no programa non apareza ningunha medida que nos beneficie realmente, facendo recaer sobre nós o peso dunha situación da que non temos a máis mínima culpa. As medidas máis importantes do programa son:

-Imposibilidade de subir os salarios máis do 22%, que tendo en conta a suba do custo da vida (ao redor do 35%), supón unha baixada grande do poder adquisitivo dos nosos salarios. O que xa é o colmo é que o Pacto ten

carácter retroactivo, é dicir, as traballadoras e traballadores que teñan que revisar os seus convenios en xaneiro e que tiñan asinada unha suba dos seus salarios equivalente á do custo da vida, van perder grande parte da suba salarial que xa tiñan pactada e era deles/as.

-O despedimento libre non só segue senón que se vai incrementar, pois no caso de que os empresarios suban máis do 22% os salarios teñen dereito a despedir ao 5% do cadro de persoal.


-Os orzamentos dedicados a combater o paro e crear postos de traballo

Suso Seixo é presidente da Fundación Moncho Reboiras.

Manifestación que tivo lugar en Vigo contra os Pactos da Moncloa.

Fotos: Arquivo Histórico da Fundación Moncho Reboiras.

tado español



son baixísimos, nun momento en que se están a dar despedimentos masivos.

-Non existe ningunha medida encamiñada a poñer coto á suba de prezos.

No caso da clase traballadora galega é claro que non se ten en conta a súa situación. A nós vains seguir tocando a función colonial de exportar man de obra barata, materias primas, enerxía, etc., e ter, por outra parte, os salarios máis baixos do Estado, o maior número de parados/as e de emigrantes... se o Pacto é grave para calquera traballador do Estado, no caso dos traballadores

galegos é dobremente grave. O papel antigalego que cumpren CCOO e UGT queda tamén, unha vez máis, claro”.

Xornada de loita

A resposta do sindicalismo nacionalista consistiu en facer un traballo de axitación e información mediante a convocatoria de manifestacións, concentracións e mitins en cidades e vilas, como foi o caso de Vigo, Marín, Ourense, Lugo, A Coruña, e outras, nas que participaron centos de traballadores e traballadoras.

Finalmente optouse pola convocatoria, conxuntamente coas CCLL, dunha xornada de loita que tivo lugar o 28 de xaneiro de 1978 e que contou co apoio de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA) e das forzas políticas integradas no Bloque Nacional-Popular Galego (BNPG). A xornada de loita foi avaliada no seu momento como exitosa e moi positiva, pois realizáronse asembleas, paros e manifestacións en numerosas empresas e vilas, tendo especial incidencia en cidades como Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Santiago ou A Coruña e en vilas como Carballo, Carballiño, As Pontes, Moaña, Pontecaldeas, Redondela, Arcade, Rianxo, A Pobra, Monforte, Vilalba ou Quiroga.

A importancia e o valor desta xornada de loita hai que poñelo en relación co contexto político, social e económico no que se deu, a dous anos da morte do ditador, en pleno proceso de transición

política, cunha forte represión e crise económica e no feito de que, por primeira vez e en solitario, se convocaba unha xornada de protesta desas características polo nacionalismo, coa oposición activa do españolismo que levou adiante unha campaña en contra, especialmente da man de CCOO.

OS PACTOS DA
MONCLOA VIÑAN
APOIAR A VÍA
DO PACTO E DA
REFORMA FRONTE A
APOSTA NA RUPTURA
DEMOCRÁTICA

Outro modelo sindical

Se nos últimos anos da ditadura franquista, especialmente a partir dos sucesos de 1972, e nos primeiros anos da transición, xa se


tiña dado un confronto importante entre o recién nado sindicalismo nacionalista e o sindicalismo españolista, inicialmente á hora de darse a coñecer e defender o dereito de autoorganización e despois á hora de gañar espazo no baleiro deixado pola caída do sindicato vertical, a convocatoria da xornada de

loita por parte da ING, supuña un salto cualitativo importante, pois implicaba por parte do sindicalismo nacionalista a superación de complexos dunha forza sindical acabada de nacer e a súa firme determinación a levar a iniciativa e a dirección da defensa dos intereses da clase traballadora galega.

Supuña, ademais, marcar as diferenzas estratéxicas entre dous modelos sindicais confrontados; por unha banda, o modelo representado polo sindicalismo españolista, especialmente CCOO e UGT, favorábel ao Pacto Social e á colaboración coa burguesía, negador

na práctica da existencia da loita de clases e do carácter plurinacional do Estado; e pola outra, o modelo sindical representado polo sindicalismo nacionalista, nucleado ao redor da ING, oposto á política de pacto social, defensor da existencia da loita de clases e da necesidade de superar a dependencia colonial e falla de soberanía política de Galiza, contrario a integrarse no sistema capitalista e partidario de ir a novas formas de organización social e económicas que o superasen.

Estes dous modelos sindicais e estas dúas estratexias sindicais confrontadas, foron as que marcaron a práctica sindical de cada quen ata a actualidade e tamén o que dificultou, e dificulta hoxe en día, que en Galiza se dese ou se poida dar unha dinámica sindical unitaria, global e constante, entre o sindicalismo nacionalista que representa a CIG e o sindicalismo españolista representado por CCOO e UGT.



Cartaz correspondente ás eleccións de 1982.

40 anos dos Pactos da Moncloa

O pacto social prexudica a clase traballadora



Susó Seixo

A realidade é que a práctica sindical do pacto social foi enormemente negativa para os intereses da clase traballadora, pois facilitoulle ao capital a implantación da súa política de flexibilización e desregulación das condicións de traballo e de recorte de dereitos laborais e sociais, a través das sucesivas contrarreformas e dos pactos en materia de negociación colectiva. A política do Pacto Social supuxo, a maiores, a desmobilización e a desideoloxización da clase obreira. En definitiva, o seu debilitamento fronte á patronal, á burguesía, ao capital.

Estas dúas centrais sindicais, ao igual que unha boa parte do sindicalismo europeo, quedaron ancoradas na súa práctica sindical na época do grande crecemento económico posterior á Segunda Guerra Mundial, ata finais da década dos sesenta do

século pasado, en que a burguesía, debido á referencia que supuña o bloque socialista e forte peso do movemento obreiro e da esquerda política, aceptou taticamente a política de Pacto Social e compartir parte das súas importantes ganancias coa clase traballadora, buscando así integrala no sistema e que non se promovera accións revolucionarias de asalto ao poder.

Pero algo que a burguesía e o capital aceptaron taticamente, nun momento en que a correlación de forzas non lles era favorable, unha parte importante do sindicalismo español e europeo, convertérono nun obxectivo estratéxico da súa práctica sindical. Por iso cando a burguesía, a inicios da década dos anos setenta do século pasado, se sentiu o suficientemente forte como para pasar á ofensiva contra a clase traballadora e promo-

ver toda unha batería de medidas dirixidas a recortar moitos dos dereitos conquistados nas últimas décadas polo movemento obreiro, este sector do sindicalismo europeo, desgraciadamente maioritario, seguiu, e segue, a teimar na súa práctica sindical de

pacto social, desmobilizando a clase traballadora e meténdoa nun camiño que só a leva á frustración e á derrota. No fondo estamos ante un problema estritamente ideolóxico, que garda relación directa coa renuncia a loita de clases e a integración no sistema, por parte dos dirixentes destas centrais sindicais, e que termina afectando a toda a súa estrutura sindical.

A loita é o camiño

Afortunadamente o sindicalismo nacionalista, a CIG, non acreditamos nese sindicalismo desideoloxizado e

colaboracionista co poder, e mantémonos firmes na defensa e na práctica dun sindicalismo combativo, de contrapoder, participativo, defensor da soberanía nacional para Galiza, así como dun novo modelo de organización social e económica que supere o actual sistema capitalista, convencidos de que este é o sindicalismo que a clase traballadora galega necesita.

O feito de que a estas alturas, practicando este modelo sindical e cunha forte oposición por parte da patronal e do PP, sexamos a primeira forza sindical en Galiza en canto a afiliación (máis de 66.000 afiliados/as), a infraestrutura de todo tipo, a capacidade mobilizadora e esteamos a unhas decimas de ser tamén a primeira forza sindical en representantes sindicais nos centros de traballo, demostra a corrección do noso modelo sindical e do recoñecemento que a nosa central sindical ten en amplos sectores do proletariado galego.

O PACTO SOCIAL
SUPÓN O
DEBILITAMENTO
DA CLASE
TRABALLADORA
FRONTE AO CAPITAL



Conceptos

Salario, prezo e lucro (e II)

Como os medios de produción (máquinas, materias primas, enerxía, instalacións, etc.) non producen nada por si mesmos, o capitalista (empresario/a) vese forzado a mercar o dereito de usar durante un tempo determinado as capacidades físicas e intelectuais (a forza de traballo) de persoas que as venden por un salario. Deste xeito, a forza de traballo convértese tamén nunha mercadoría.

E cal é o valor da mercadoría chamada forza de traballo? Pois o mesmo que calquera outra mercadoría: a cantidade de tempo de traballo socialmente necesario para producila. Ou sexa, o tempo de traballo socialmente necesario para a reposición das capacidades físicas e intelectuais da persoa asalariada, o mantemento da súa familia ou descendencia e a súa capacitación como traballadora. O que Marx chama a reprodución da forza de traballo.

Mais aquí, topamos cun problema. Se o prezo das mercadorías corresponde en definitiva, co seu valor, a escala de toda a sociedade, e a forza de traballo é unha mercadoría, de onde sae o beneficio do capitalista?

Esta plusvalía vai directamente ao peto do capitalista, e constitúe a única orixe real do lucro, que se materializa en diñeiro (o que Marx chama “realizar a plusvalía”), unha vez que as mercadorías se intercambian no mercado. En resumo, que o salario só remunera unha parte da xornada laboral. O resto, é traballo gratuito, durante o cal, a obreira e o obreiro produce o valor que formará o lucro.

E debido a que o traballo asalariado é a única fonte do lucro capitalista e da súa permanente expansión, toda a dinámica do capitalismo (o que Marx chama “a lóxica do capital”), móvese en función das formas de aumentar ao máximo a plusvalía.

O capital procurará por todos os medios aumentar a plusvalía que extrae do traballo asalariado. Ben prolongando a xornada laboral, ben tratando de facer máis produtiva a xornada de traballo (máquinas máis eficientes, intensificación dos ritmos de produción, etc), ou mesmo, reducindo o salario horario. En condicións especiais, mesmo, mediante unha combinación destas tres modalidades, como podemos ver na actualidade.

Plusvalía e salario

A burguesía cóntanos que o beneficio é froito da pericia dos capitalistas, que conseguen vender as súas mercadorías por riba do seu valor.

Para Marx, isto non é máis ca unha falacia. Na súa obra, demostra que o lucro capitalista nace da capacidade que ten a forza de traballo de xerar máis valor do que é necesario para a súa propia reprodución. É dicir, que durante a súa xornada de traballo, a persoa asalariada produce un valor superior ao que recibe en forma de salario (que, en xeral, corresponde co valor da reprodución da forza de traballo). A diferenza entre o que a persoa asalariada recibe e o valor que produce, constitúe a plusvalía (ou máis-valía).

O resultado do conflito capital/traballo

A consecuencia principal desta dinámica é que coloca a clase obreira nun escenario de permanente e ineludíbel confrontación co capital. E isto leva a Marx a concluír, que ese antagonismo constituído pola relación salario/lucro (e a loita sindical na que o proletariado aprende a ser unha clase con conciencia de si mesma), só terán unha solución definitiva, cando a clase obreira trunfe politicamente sobre a burguesía e expropie esa clase social parasitaria. Cando a clase obreira estableza o dominio do traballo sobre os medios de produción e sobre as relacións de produción e distribución social.

Iuri Domènech

Marx comeza por establecer no seu informe, con diversos razoamentos e exemplos argumentados, que o valor dunha mercadoría vén determinado polo tempo de traballo necesario para producila nas condicións materiais e técnicas socialmente predominantes nesa economía. O chamado TTSN, ou Tempo de Traballo Socialmente Necesario.

Por outra banda, expón que o prezo da mercadoría non é máis que a expresión en diñeiro dese valor, e que mesmo tendo en conta que os prezos dunha determinada mercadoría poden

oscilar en función das variacións dos mercados, a escala de toda a sociedade, a suma dos prezos de todos as mercadorías correspóndese coa suma dos seus valores.

Marx establece tamén, que para crear valor, o traballo ten que formar parte do proceso social de produción duns bens destinados a ser intercambiados no mercado (división social do traballo + especialización dos produtores/as + mercadorías que contribúen á reprodución das condicións materiais de existencia da sociedade). Para Marx, por tanto, non todo traballo (esforzo humano) crea valor, mesmo se o produto está destinado a satisfacer unha necesidade humana.

Iuri Domènech fai parte da equipa técnica da Fundación Moncho Reboiras.

Para ler esta obra de Marx en liña:
<https://www.marxists.org/portugues/marx/1865/salario/index.htm>.

Ilustración: Obvious Longe.

REVOLUCIÓN DE OUTUBRO

Cen anos da revolución que levou a clase traballadora ao poder

Xabier P. Igrexas

Este 2017 fanse cen anos da revolución rusa de outubro. A revolución bolxevique marcou un decisivo punto de inflexión na Historia. Dela naceu o primeiro e maior Estado obreiro do mundo, a Unión Soviética (URSS), facendo que por máis de setenta anos a clase traballadora exercese o Poder. A revolución rusa non só tivo un impacto directo na mellora das condicións materiais de vida e de traballo dos pobos que integraron a URSS. Senón tamén, acabou de ser un factor decisivo na conquista de melloras e dereitos tanto naque- loutros países que emprenderon a construción do socialismo, como tamén nos estados capitalistas. O “pacto social” que deu lugar ao chamado “Estado do benestar”, hoxe en pleno proceso de desmantelamento, non tería sido posíbel sen o efecto combinado das loitas obreiras e da existencia do bloque socialista, desaparecido en 1991.

Conquistas

O principal legado da revolución rusa de outubro é o de permitir que os e as traballadoras conquistasen o “dereito en tanto que clase a asumir, a través do partido da clase obreira, o propio poder político en todas as súas instancias e así, decidiren o seu destino e o de todo o pobo”, enfatiza Américo Nunes, histórico ex dirixente da Confederação Geral dos Trabalhadores Portugueses - Intersindical Nacional (CGTP-IN) e autor do artigo “A revolución de outubro de 1917 e os dereitos dos traballadores” (publicado na revista O Militante nº 348). Para alén diso, son salientábeis as melloras concretas atinxidas polo pobo traballador grazas á revolución. “Catro días despois do asalto ao Pazo de Inverno e despois de promulgados os decretos da paz e da terra, é publicado o decreto das 8 horas de traballo diario máximo; prevé interrupcións do traballo para descansar e tomar as

comidas, día e medio de descanso semana, vacacións pagadas, a prohibición do traballo de menores de 14 anos, e un máximo de 6 horas de traballo para os xoves entre 14 a 18 anos”, explica Nunes. As melloras non só se limitaban ao plano laboral. “O analfabetismo foi erradicado, o dereito ao traballo foi garantido, o pleno emprego foi conseguido de forma estábel, a saúde e os medicamentos eran gratuitos para toda a cidadanía, e protexíase a invalidez e a vellez. O dereito á vivenda foi concretizado e os gastos por este concepto na URSS fixéronse na media no dous por cento do salario”, acrescenta.

Aliás, a protección das mulleres e a procura da igualdade efectiva poñendo fin a toda caste de discriminación por xénero, serán obxectivos presentes desde o primeiro momento. Nese sentido, asegúrase o emprego das mulleres durante o período de embarazo e o primeiro

ano de vida das crianzas, establece un permiso de maternidade de 8 semanas antes e 8 semanas despois do parto, habilítanse permisos para o aleitamento e conságrase o principio de “a igual traballo igual salario”. As mulleres rusas foron das primeiras en conquistaren o dereito de votar e seren elixidas, e a comunista Alexandra Kolontai sería a primeira muller ministra no mundo. O aborto foi tamén despenalizado, apenas 3 anos despois, en 1920. Cómpre lembrar o papel relevante desempeñado polas mulleres traballadoras, que foron protagonistas das grandes folgas e mobilizacións que precederon a revolución de febreiro e nas que exixían “pan e paz”.

Para alén da URSS e dos países socialistas, “a influencia da revolución rusa na reorganización da clase traballadora mundial non foi de menor importancia para a conquista de dereitos laborais e sociais e políticos nos países capi-

talistas”. “A revolución rusa asumiu desde o primeiro día un papel de vangarda mundial na garantía polo Estado dos dereitos económicos e sociais fundamentais”, valora o sindicalista portugués.

Exemplo

O derrubamento da Unión Soviética deu lugar a unha ofensiva por parte do capital en contra da clase traballadora e dos pobos. “Nos días de hoxe, 100 anos despois, nunha época en que por forza da derrota do socialismo na Europa do Leste e na URSS, o Imperialismo atópase nunha contraofensiva de recolonización e regresión social mundial. Hai un retroceso xeneralizado das conquistas, e condicións de traballos máis penosas, algunhas semellantes ás do século XIX son impostas de novo aos traballadores”. Diante diso, Américo Nunes chama a reivindicar “o exemplo da Grande Revolución de outubro de 1917, que demostra que a vitoria dos e da explotadas e dos pobos é posíbel en condicións extremadamente desfavorábeis á súa loita”.

A REVOLUCIÓN DE OUTUBRO DEMOSTRA QUE A VITORIA DOS E DAS EXPLOTADAS E DOS POBOS É POSÍBEL



Xabier P. Igrexas fai parte da equipa técnica da Fundación Moncho Reboiras.

Lenin, líder do Partido Bolxevique, foi unha das figuras chave na revolución rusa.
Foto: Tribuna Popular.